



## Incitación á humillación

---

Suso de Toro

Nunca acabei de estar a gusto co termo «espiritualidade». E comprendo que a orixe da miña incomodidade está en ter sido educado nunha relixión forte coa que puideren discutir, rifar e rebelarme malia deixarme marcado, e así «espiritualidade» entendo que se refire a algunha cousa de pouca sustancia que me semella va ou fútil.

Non é xusto, espiritualidade pode ser un campo no que moitas persoas se sintan a gusto e sintan que é o seu modo de existir, mais eu non podo remediar o pensar e sentir vivencias máis específicas que teñen a ver claramente co que chamaría «relixiosidade» e, mellor, «relixión».

A palabra «vivencia» que utilicei ten unha correspondencia co concepto «experiencia». Os propios libros aprendéronme a ver que hai coñecemento fóra deles, e ese coñecemento vén pola experiencia, nosa propia ou allea máis «anosada». E esas experiencias coido que son momentos nos que experimento unha sensación de transcendencia. Non podo agora recapitular sobre as diversas experiencias da transcendencia que ofrece a vida, o mundo e a vida. Tamén esa extensión do mundo e a vida que é a arte.

Deixo quedar de paso que entendo que non hai artista ou escritor que poda dar unha obra cunha mínima dose de grandeza que non entenda que a vida é transcendente, sen unha idea da vida que se sofique nunha relixiosidade máis ou menos clara. Sen iso a súa obra será intrascendente.

Estaba para escribir «desde logo non podo relacionarme coa vivencia da relixión como unha relación cunha figura de Deus Pai

nin calquera outra forma antropomórfica», mais non debo dar por suposto iso, non debo partir dun «desde logo».

Aquí tería que referirme ao xudaísmo, ese fervedoiro de formas relixiosas que acabou dándonos esa relación conflitiva cun Gran Pai. Cando o Segundo Isaías, probablemente o verdadeiro fundador do monoteísmo, no exilio en Babilonia e rodeado do mito de Mar-duk e a súa vitoria sobre o caos, declara a Yahveh como deus único.

Se Moisés impuxo Yavheh como deus único para os xudeus, o Segundo Isaías tamén estende o reino dese deus a outros pobos non xudeus, os grandes pobos veciños, Asiria e Exipto, o que séculos máis tarde fará Saulo tiña raíces na propia tradición xudea, con todo o máis transcendente do Segundo Isaías é a creación dese deus único e persoal de toda a creación, alén as fronteiras e os pobos.

Desde aí a relixión resúmese ou encérrase nunha dialéctica de causa e efecto, nun diálogo entre a humanidade e un humano divino. Non é que me resulte inverosímil esa figura divina humanizada, a verosimilitude non ten que ver nin coa literatura nin coa relixión e aceptei hai tempo que na vida cabe o verosímil e tamén o inverosímil, o que non podo aceptar é que o Misterio do mundo e da vida caiba no humano. A vida vai moito máis aló e o mundo existe fóra nosa e alleo a nós.

Doutra banda, a redución aínda maior que fixo o xudaísmo rabínico situando ao varón como interlocutor único de Yahveh fai que non poda aceptar unha confesión como a xudea ou a cristiá.

Sobre o antropomorfismo extremo do xudaísmo, que dunha banda asentou o valor da vida humana e doutra banda considerou ao mundo que pisamos como unha propiedade dos humanos, di moito que en toda a Biblia, mesmo nos Evanxeos, haxa unha ausencia dos animais total, non sendo considerados como monstros ou vítimas sacrificiais.

Hai unha figura na tradición cristiá que non ocupa un lugar abondo relevante e que debера ser para o cristianismo unha abertura teolóxica fundamental, Francisco de Asís. E non ocupa un

lugar relevante precisamente porque na vez de crear discurso teolóxico elaborado o que fixo foi achegar experiencia. E, aínda máis, unha experiencia que cuestiona os límites dunha relixión reducida ao humano. Francisco non cabe dentro dos muros dun templo e recoñece o divino nun mundo vivo que o rodea. Relígase e, mesmo, alléase no mundo. Nada máis oposto á teoloxía da sociedade de consumo que a doutrina de Francisco, santo patrón do ecoloxismo, esa «espiritualidade» panteísta.

Respecto do cristianismo acho que os dons da doutrina derivada dos Evanxeos canónicos están repartidos entre as tres grandes correntes, desde a dureza, a lucidez e a latente desesperación de Lutero e o protestantismo até a inocencia, a ritualidade e a mística da Igrexa Ortodoxa, Roma no medio. Mais quen marcha nunca pode volver realmente, non sei da maneira en que eu me poda concibir dentro dunha igrexa cristiá actualmente. Admiro a liberdade persoal que dá o protestantismo, namórame o misticismo e a inocencia no cristianismo ortodoxo, non teño non sendo reproches, para a igrexa católica romana e española aínda que recoñezo que os seus restos van dentro miña. Nin sequera as tres tradicións reunidas me reinan, por ese antropomorfismo extremo, nesa súa forma patriarcal.

Mais, sendo orfo de confesión relixiosa, como dixen ao principio asumo a vivencia de momentos ou situacións transcendentales. Creo, pois no Misterio do mundo e da vida. Desboto a pregunta sobre o «sentido da vida», entendo que no fondo non é parte dunha procura sincera. No fondo sabemos que non o ten. ¿E por que había de telo? ¿Para ter contento a quen? ¿Ao rei do universo, o ser humano? De novo un antropocentrismo, tan patético e nimio. Nesa demanda entendo que se resume o infantilismo antropolóxico contemporáneo.

A vida non nos ofrece unha explicación, non ten un «por que» e tampouco nos presenta un esquema do funcionamento da súa máquina íntima. Iso é o que procuran, e van encontrando, os científicos. Encontran «orde», no caos da vida hai orde. A vida en por ela non ten sentido, mais ten un xeito íntimo e natural. E coido

que o único modo de darlle sentido ao vivir, os humanos estamos destinados a buscarlo, é aceptar a vida como é, un mundo de aparencia caótica e unha vida na que rexe a orde. Entregarse á vida e vivila. Abandonarse a esa forza preexistente á nosa existencia, allea e desprezadora da nosa vontade persoal, unha forza que nos posúe e que nos ha abandonar un día e..., venerala con naturalidade.

Porén, para iso precisamos unha linguaxe, unhas formas rituais para expresar esa devoción, que é dedicación e afecto sincero, pola vida sagrada. E esas formas teñen de ser necesariamente para dar e recibir, de agradecemento e de recibimento dos dons da vida. A cambio da vida, de estarmos vivos, damos as grazas. O que denominei «humildar», rescatando unha vella palabra para dicir tamén «humillar».

Unha autohumillación máis necesaria que nunca, nun mundo que nos arranca pedazos en todas direccións, paradoxalmente para recobramos. Quen se humilla toma conciencia de si e faise dono do que anda solto e disperso, recupera o que os demais e os poderes posúen de un. Esa humillación voluntaria é un acto de autoconciencia e de dominio sobre si. A humildade paradoxalmente fainos fortes, ese sometemento fainos libres.

Só aceptando isto é como se entende o que propoño en «Humildar», reconstruír unha linguaxe relixiosa básica, isto é aceptando a Transcendencia e o Misterio, que sirva para crentes nun deus ou non. Desde logo, en último termo, con deus ou sen el ese aceptación do mundo e da vida é propio de crentes, presupón dalgunha forma «fe».

Nesa soberbia intelectual ou espiritual de escribir un libro así hai humildade tamén e, desde logo, nesa humildade hai soberbia, así e todo non pretendín outra cousa que ofrecer unhas indicacións para quen queira camiñar. «Segue ese camiño, hai unha carreiraña dun can e xa irás vendo...» Non máis que iso.

**Suso de Toro**